

# **ORDENANZA FISCAL XERAL**

## **Principios Xerais**

### **Artigo 1. Obxecto e integración**

- a) A presente Ordenanza fiscal xeral ten por obxecto establecer os principios básicos e as normas comúns a todos os tributos que constitúen o réxime fiscal do Excmo. Concello de Ferrol.
- b) As normas desta ordenanza consideraranse parte integrante das respectivas Ordenanzas Fiscais, en todo o que non estea especialmente regulado nesta, e na forma e medida en que resulten aplicables a cada Ordenanza Fiscal en particular.
- c) Igualmente serán aplicables por analogía en materia de prezos públicos cando as normas reguladoras deste tipo de ingresos non contemplan un suposto concreto.

### **Artigo 2. Ámbito de aplicación**

Esta Ordenanza fiscal xeral obrigará:

- a) Ámbito territorial: en todo o territorio do Concello de Ferrol.
- b) Ámbito temporal: desde a súa entrada en vigor ata a súa derogación

### **Artigo 3. Interpretación das ordenanzas fiscais**

1. Non se admitirá a analogía para estender máis alá dos seus termos estrictos ó ámbito do feito impositivo ou ó das exencións ou bonificacións.

## **Normas de xestión**

### **CAPÍTULO I: Normas comúns**

#### **Artigo 4. Principios xerais**

- a) A xestión dos tributos comprende todas as actuacións necesarias para a determinación da débeda tributaria así como as actuacións necesarias dirixidas ó seu cobramento.
- b) Todo acto de xestión de calquera ingreso público será dirixido polo alcalde. Será polo tanto competencia do alcalde dictar todo acto administrativo en materia de xestión de ingresos de dereito público, coa única excepción de aqueles casos nos que de forma expresa unha norma asine dita competencia a outro órgano.
- c) O alcalde poderá dictar, previo informe da Intervención, instrucións e circulares necesarias para o desenvolvemento da xestión tributaria.
- d) Todo acto de xestión desenvolverase con subxección á Lei xeral tributaria, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e a normas de desenvolvemento de ambos textos normativos.

#### **Artigo 5. Presunción de legalidade**

Os actos de determinación das bases e débedas tributarias gozan de presunción de legalidade que só poderá destruírse mediante revisión, revogación ou anulación practicadas de oficio a virtude dos recursos pertinentes.

#### **Artigo 6. Réxime de actos presuntos**

Terá carácter desestimatorio o silencio nos procedementos de recoñecemento e aplicación de exención, bonificación ou calquera beneficio fiscal.

#### **Artigo 7. Declaración tributaria**

- a) Considérase declaración tributaria todo documento polo que se manifesta ou recoñeza que se deron as circunstancias ou elementos dun feito dispoñible.
- b) A declaración deberá presentarse dentro dos prazos determinados en cada ordenanza particular e, en xeral, dentro do prazo dos trinta días hábiles seguintes a aquel en que se produza o feito impositivo. A non presentación dentro do prazo será considerada como infracción tributaria e sancionada como tal segundo as regras contidas nesta ordenanza e na Lei xeral tributaria e disposicións complementarias.

- c) Na declaración deberán constar os datos necesarios para a determinación da débeda, de acordo co establecido ó respecto nas ordenanzas particulares. En todo caso os suxeitos pasivos ou obrigados tributarios deberán consignar o seu número de identificación fiscal nelas e en calquera outra comunicación ou escrito de transcendencia tributaria a presentar perante a Administración provincial.
- d) Esta Administración poderá facilitar os correspondentes impresos de declaración que en cada caso sexan necesarios. Ademais poderase obter declaración e ampliación desta, así como a emenda dos defectos advertidos en canto fosen necesarios para a liquidación do tributo e a súa comprobación.
- e) Esta Administración comprobará, nos termos que se recollen na normativa aplicable todos os elementos e valoracións consignados nas declaracións tributarias.

#### **Artigo 8. Censos de contribuíntes**

- f) Poderán ser obxecto de padrón ou matrícula os tributos e demais ingresos de dereito público, nos que pola súa natureza se produza continuidade do feito imponible, así como aqueles para os que non determine expresamente a súa ordenanza fiscal particular e, polo tanto, dean orixe a unhas liquidacións que se devengan con periodicidade prestablecida e se cobran así mesmo periodicamente mediante recibo.
- g) Os ditos padróns ou matrículas terán a consideración de rexistro permanente e público de tal forma que unha vez constituído, tódalas altas, baixas e modificacións a el deberán ser aprobadas en virtude de resolución a Presidencia e notificadas formalmente ós suxeitos pasivos, con excepción daqueles supostos que deriven da lei, da presente ordenanza xeral e da propia ordenanza fiscal particular.
- h) Os contribuíntes están obrigados, nos termos que se prevean na normativa reguladora de cada tributo, a poñer en coñecemento desta Administración toda modificación que poida orixinar alta, baixa ou alteración do padrón. En defecto de regulación expresa en cada caso, o prazo para comunicar as ditas alteracións será de 30 días.
- i) En toda taxa xestionada polo sistema de censo, e salvo que a ordenanza específica determine o contrario, o período impositivo corresponde co ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento da utilización privativa, o aproveitamento especial ou o uso do servizo ou actividade, nese caso o período impositivo axustarase a esa circunstancia co conseguinte rateo, o que se efectuará por trimestres naturais.
- j) En todo caso, calquera cambio de titularidade nos conceptos suxeitos a xestión censal, posterior ó devengo terá efectos liquidatorios para o exercicio seguinte.

#### **Artigo 9.**

Calquera solicitude relativa á aplicación de beneficios fiscais, si é presentada con posterioridade á data do devengo do tributo surtirá efectos no exercicio seguinte.

### **CAPÍTULO II: Normas especiais en materia de xestión nos distintos tributos**

#### **Artigo 10.**

O padrón fiscal do Imposto sobre bens inmobles formarase en base ó padrón catastral remitido pola Dirección Xeral do Catastro.

As alteracións de orde física, económica ou xurídica que se produzan nos bens gravados así como os cambios de natureza e aproveitamento que de acordo co planeamento urbanístico, experimenten aqueles, terán efectividade no período impositivo seguinte a aquel en que tivesen lugar, sen que a dita eficacia quede supeditada á notificación dos actos administrativos correspondentes.

#### **Artigo 11.**

O padrón fiscal do Imposto de actividades económicas aprobarase en base á matrícula de contribuíntes remitida pola Delegación de Facenda.

#### **Artigo 12.**

- a) O padrón fiscal do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica formárase con base á información de altas, baixas, transferencias e calquera outro dato con transcendencia tributaria aportada pola Xefatura provincial de tráfico da Coruña.
- b) En todo caso, aqueles vehículos que tendo unha antigüidade maior de 25 anos carezan (na base de datos da Dirección Xeral de Tráfico) de seguro obrigatorio e de inspeccións técnicas serán dados de baixa con carácter provisional do padrón.  
Constatada -no seu caso- a existencia dos ditos vehículos incorporaránse novamente ó padrón, notificando ó suxeito pasivo as liquidacións dos exercicios que correspondan.
- c) A efectos liquidatorios deste imposto os cuadríciclos tributarán como turismos, de acordo coa súa potencia fiscal, excepto que a cilindrada do seu motor sexa inferior ou igual a 50 centímetros cúbicos no caso de motores de explosión, ou que a súa potencia máxima neta sexa inferior ou igual a 4 KW para os demais tipos de motores, e neste caso considerárase, para os efectos deste imposto, como ciclomotores.
- d) As máquinas autopropulsadas que poden circular polas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica, tributarán polas tarifas correspondentes ós tractores.

#### **Artigo 13.**

Salvo que as ordenanzas específicas dos distintos tributos establezan o contrario, o prazo para a presentación e pago das autoliquidacións será dun mes. Este prazo comeza a contabilizarse:

- Para os tributos derivados dunha autorización de uso do dominio público, dende a data da notificación da resolución que corresponde á citada autorización.
- Para os tributos derivados da prestación dun servizo, dende a data de solicitude do dito servizo.

### **CAPÍTULO III: Recadación**

#### **Artigo 14. Disposición xeral**

A xestión recadadora consiste no exercicio da función administrativa conducente á realización dos créditos e dereitos que constitúen o haber desta Corporación. O procedemento de cobramento será exclusivamente administrativo e constará de dous períodos: voluntario e executivo; axustándose o seu procedemento ó disposto no Regulamento xeral de Recadación aprobado por Real decreto 1684/90, de 20 de nadal.

No período voluntario, os obrigados ó pagamento farán efectivas as súas débedas dentro dos prazos sinalados para o efecto.

En período executivo, a recadación hase realizar coercitivamente por vía de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado que non cumprise a obrigaón ó seu cargo nos períodos sinalados no parágrafo anterior .

#### **Artigo 15. Recadación directa**

O cobramento dos diversos tributos hase levar a cabo polo ingreso directo ou por medio de recibo:

- Levarase a cabo o cobramento por ingreso directo daqueles tributos que non teñan un carácter regular e periódico e, dende logo, aqueles en que a liquidación se practica en expediente ou documentos individuais. Tamén se utilizará este sistema recadador cando se leva a cabo por medio de selos ou timbres.
- Hase realizar o cobramento por medio de recibo talonario das cotas que se liquiden que teñan un vencemento periódico e respondan a exaccións con base impositiva fixa para as cales se formen matrículas e padróns.

## **Artigo 16. Clasificación de débedas tributarlas**

As débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración municipal, hanse clasificar para efecto da súa recadación en:

### **A) Notificadas:**

Nelas é indispensable o requisito de notificación para que o suxeito pasivo teña coñecemento da débeda tributaria. A Administración podería esixirlles ós suxeitos pasivos que declaren o seu domicilio tributario. Cando un suxeito pasivo cambie de domicilio deberá poñelo en coñecemento da Administración mediante declaración expresa para efecto, sen que o cambio de domicilio produza efecto fronte á Administración ata que se presente a citada declaración tributaria. A Administración poderá rectificar o domicilio tributario dos suxeitos pasivos mediante a comprobación pertinente.

### **B) Sen notificación individual:**

Nos tributos de cobramento periódico por recibo, unha vez notificada a liquidación correspondente á alta no respectivo rexistro, padrón ou matrícula, poderán notificarse colectivamente as sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan.

### **C) Autoliquidadas:**

Son aquelas nas que o suxeito pasivo, por medio de efectos timbrados ou a través de declaracións-liquidacións procede ó pagamento simultáneo da débeda tributaria.

## **Artigo 17. Prazos de pagamento**

### **A) Tempo de pagamento en período voluntario:**

1. As débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración deberán pagarse:
  - a) As notificadas entre os días un e quince de cada mes, dende a data de notificación ata o día cinco do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior.
  - b) As notificadas entre os días dezaseis e o último de cada mes dende a data de notificación ata o día vinte do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior.
2. As débedas tributarias que deban satisfacer mediante efectos timbrados hanse pagar no momento da realización do feito imponible.
3. As débedas liquidadas polo propio suxeito deberán satisfacerse nas datas ou prazos que sinalen as normas reguladoras de cada ordenanza.
4. As débedas tributarias que se recaden mediante recibo terán como prazo de ingreso en período voluntario o que fixe a Corporación, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia e diarios locais.

### **B) Prazos e recarga de prórroga:**

Os obrigados ó pagamento das débedas a que se refiren os puntos 2 e 3 do apartado A) anterior, que non as pagasen nos prazos sinalados neles, poderán sen embargo, pagalas por vía de constrinximento dende a finalización dos prazos do ingreso en voluntaria ata a data do seu ingreso.

### **C) Vía de constrinximento:**

As débedas non satisfeitas en período voluntario faranse efectivas en vía de constrinximento, agás o previsto no apartado B), deste artigo.

O procedemento de prema iníciase cando vencidos os prazos sinalados na letra A) anterior, non fose satisfeita a débeda ou cando no suposto previsto no parágrafo anterior do apartado B), se expide en consecuencia, o título que leva aparellada execución.

## **Artigo 18. Cobramento de exacións por medio de recibo**

Para o cobramento de exacións por medio de recibo, seguiranse as normas seguintes:

- e) Unha vez formuladas as matrículas ou padróns, someteranse á aprobación do presidente e expoñeranse ó público por termo de quince días, admitíndose durante este prazo as reclamacións formuladas contra estes documentos, as

- cales serán sometidas, debidamente informadas, á resolución do alcalde.
- f) Despois de aprobadas as matrículas e os padróns, só serán modificadas, agás no caso de resolución executiva do Tribunal competente que determine a anulación, rebaixa ou aumento das cotas líquidas, a consecuencia de altas e baixas previamente aprobadas polo alcalde.
  - g) Aprobados os documentos cobratorios, expedirá os correspondentes recibos o servizo de extensión mecánica adscrito ó Proceso de Datos, os cales se ingresarán na Depositaria municipal acompañados das listas cobradoras con aplicación á conta de "Valores Auxiliares e Independentes do Orzamento".
  - h) A medida que os recibos deban ser postos ó cobramento sairán da Depositaria por medio do respectivo mandamento con aplicación á mesma rúbrica de Valores Independentes e Auxiliares do Orzamento e seranlle entregados ó recadador con quince días de antelación, cando menos, ó de apertura do período voluntario de cobramento.
  - i) O cobramento voluntario por valores en recibo terá lugar en recibo único e anual, sen prexuízo do establecido da Disposición adicional primeira da presente ordenanza.
  - j) Decretado o procedemento de prema segjiranse os trámites establecidos para o no Regulamento xeral de recadación e a instrución xeral de recadación e contabilidade."

#### **Artigo 19. Aprazamento e/ou fraccionamento**

Poderá concederse o pagamento aprazado ou fraccionado das débedas nos termos establecidos na disposición adicional segunda da presente Ordenanza."

### **CAPÍTULO IV: Revisión e recursos**

#### **Artigo 20. Revisión**

Agás os casos de suspensión de acordos por nulidade de pleno dereito previstos na Lei de réxime local, as autoridades e corporacións locais non poderán revogar os seus propios actos ou acordos delatorios de dereitos subxectivos ou que servisen de base a unha resolución xudicial, sen decláralos previamente lesivos ou impugnables en vía contencioso-administrativa conforme á lei desta xurisdicción.

Non serán en ningún caso revisables os actos administrativos confirmados por sentenza xudicial firme.

#### **Artigo 21. Rectificación de oficio**

A Administración municipal rectificará de oficio ou a instancia do interesado, en calquera momento, os erros materiais ou de feito e aritméticos e por duplicidade de pagamento, sempre que non transcorrisen cinco anos dende que se dictou o acto ou se realizou o ingreso.

#### **Artigo 22. Devolucións**

Os suxeitos pasivos e os seus herdeiros teñen dereito á devolución dos ingresos que indebidamente realizasen, con ocasión do pagamento das súas débedas tributarias.

### **CAPÍTULO V: Regulación dos Créditos incobrables.**

#### **Artigo 23. Situación de insolvencia**

1.- Son créditos incobrables aqueles que non poden facerse efectivos no procedemento de recadación por resultar fallidos os obrigados ao pago, ou por concorrer nos bens coñecidos do debedor circunstancias que os fan inembargables.

2.- Cando se declararan fallidos os obrigados ao pago e os responsables, declararanse provisionalmente extinguidas as débedas, podendo ser rehabilitadas no prazo de prescrición. A débeda quedará definitivamente extinguida se non se rehabilita nese prazo.

3.- Aos efectos de rehabilitación dos créditos, cando se coñeza a súa procedencia o/a Recadador/a, comunicarao ao xefe da unidade de Xestión tributaria para a súa aprobación e incorporación ao sistema informático. A unidade de recadación vixiará a posible solvencia sobrevida dos obrigados e responsables declarados fallidos.

4.- Declarado fallido un debedor, se non existen outros obrigados ou responsables, os créditos contra o mesmo de vencemento posterior serán dados de baixa por referencia a dita declaración.

5.- A efectos de declaración de créditos incobrables, o/a Recadador/a documentará debidamente os expedientes, formulando proposta que, coa conformidade do/a Tesoureiro/a, someterase a fiscalización da Intervención e aprobación da Concellería delegada de Facenda. En base a criterios de economía e eficacia na xestión recadatoria, detállase de seguido a documentación a incorporar nos expedientes para a declaración de crédito incobrable, en función da contía dos mesmos."

#### **Artigo 24. Criterios de aplicación ás propostas de declaración de créditos incobrables**

1.- Coa finalidade de conxugar o respecto ao principio de legalidade do procedemento co de eficacia administrativa, establécense os requisitos e condicións que deben verificarse con carácter previo á proposta de declaración de créditos incobrables.

2.- A documentación xustificativa será diferente en función dos importes e características da débeda. Se distinguirán os seguintes supostos:

2.1. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa inferior a 150,00€. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

2. Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal, ou ben no que conste no padrón de habitantes.
3. Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.
4. Inexistencia de crédito algún a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ó inicio dun expediente de compensación de oficio.
5. Acreditarase no expediente que se realizaron dous intentos en períodos diferentes, mediando entre eles cando menos 12 meses, de embargo de fondos en diferentes entidades bancarias.

2.2. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 150,01€ e inferior a 300,00€. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- e) Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal, ou ben no que conste no padrón de habitantes.
- f) Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.
- g) Inexistencia de crédito algún a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ó inicio dun expediente de compensación de oficio.
- h) Acreditarase no expediente que se realizaron dous intentos en períodos diferentes, mediando entre eles cando menos 12 meses, de embargo de fondos en diferentes entidades bancarias.
- i) Embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.
- j) Embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos Convenios subscritos pola FEMP ós que se ten adherido o Concello de Ferrol.

2.3. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 300,01 € e inferior a 3.000,00 €. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de

constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal, ou ben no que conste no padrón de habitantes.

Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

Inexistencia de crédito algún a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ó inicio dun expediente de compensación de oficio.

Acreditarase no expediente que se realizaron dous intentos en períodos diferentes, mediando entre eles cando menos 12 meses, de embargo de fondos en diferentes entidades bancarias.

Embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.

Embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos Convenios subscritos pola FEMP ós que se ten adherido o Concello de Ferrol.

Deberase acreditar no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do Imposto sobre bens inmobles, no Imposto sobre actividades económicas, e no do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

2.4. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 3.000,01€. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- d) Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal, ou ben no que conste no padrón de habitantes.
- e) Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.
- f) Inexistencia de crédito algún a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ó inicio dun expediente de compensación de oficio.
- g) Acreditarase no expediente que se realizaron dous intentos en períodos diferentes, mediando entre eles cando menos 12 meses, de embargo de fondos en diferentes entidades bancarias.
- h) Embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións, no caso de persoas físicas.
- i) Embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos Convenios subscritos pola FEMP ós que se ten adherido o Concello de Ferrol.
- j) Deberase acreditar no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do Imposto sobre bens inmobles, no Imposto sobre actividades económicas, e no do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- k) Deberase acreditar que non figuran bens inscritos a nome do debedor no Servizo de Índices Central dos Rexistros da Propiedade, así como en outros Rexistros públicos.
- l) Cando se trate de débedas que figuren a nome de persoas xurídicas, deberanse constatar no expediente as actuacións realizadas mediante a información facilitada polo Rexistro Mercantil.

3.- Para determinar a contía a que se refiren os apartados anteriores, computaranse todas as débedas dun contribuínte que queden pendentes de pago e sempre que se dictara xa a providencia de constrinximento. Postporase a proposta de crédito incobrable dentro do prazo de prescripción, nos casos en que o incremento da contía pola posible acumulación de débedas de vencemento periódico, poida permitir unha tramitación máis rigurosa do expediente.”.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

**Normas sobre pagamento a prazos das débedas tributarias e doutra natureza de**

devengo periódico”.

#### **I.- Solicitude e criterios de concesión**

- 1.- As débedas tributarias e doutra natureza de devengo periódico e pagamento anual poderán facerse efectivas en período voluntario de pagamento en tres prazos, previa solicitude dos obrigados ó pagamento e cos requisitos e condicións sinalados no presente artigo.
- 2.- Os criterios xerais de concesión para as liquidacións incluídas nos padróns anuais son:
  - A domiciliación das sucesivas fraccións.
  - O importe mínimo do total de recibos a que esté obrigado o contribuínte é de 180,00 euros.
  - Non ter débeda pendente en período executivo de pagamento ou ben, en caso contrario, ter formalizado unha solicitude de aprazamento ou fraccionamento para a cancelación da mesma.
  - Incluíranse a totalidade de tributos e demais ingresos de dereito público de devengo periódico e pago anual a que esté obrigado o contribuínte, de conformidade cos padróns do exercicio corrente ou, no seu defecto, cos padróns do exercicio anterior.
  - As datas de pagamento son tres: 5 de marzo, 5 de xullo e 5 de novembro.
  - Para fixar o importe de cada un dos prazos, dividirase por tres o importe resultante do disposto no apartado d) anterior. O último prazo incluírá, de ser o caso, unha regularización pola diferenza existente entre os pagamentos realizados e total das débedas de devengo periódico e carácter anual do contribuínte.
- 3.- As solicitudes de pagamento a prazos dirixiranse, en documento específico, á presidencia do IMFACOFE.
- 4.- O órgano competente para a tramitación das solicitudes de pagamento a prazos é o IMFACOFE. O servizo de recadación examinará e evaluará as solicitudes presentadas, verificando a concurrencia das condicións precisas para obter o pagamento a prazos solicitado.
- 5.- As solicitudes poderán presentarse antes do último día hábil do mes de xaneiro de cada ano. A partir desta data, as solicitudes presentadas terán efectos para o ano inmediato seguinte.
- 6.- As solicitudes deberán conter os seguintes datos:
  - Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal e domicilio fiscal do obrigado ó pagamento e, no seu caso, da persoa que o represente.
  - Os tributos e demais ingresos de dereito público de devengo periódico e pagamento anual dos que é suxeito pasivo.
  - A orde de domiciliación bancaria, indicando o número de conta e os datos identificativos da entidade de crédito que teña que efectuar o cargo en conta.
- 7.- Unha vez incluído un contribuínte neste sistema de pagamento, esta entenderase rogada tácitamente salvo desestimento expreso ou incumprimento de calquera dos prazos.
- 8.- Antes do día 15 de marzo de cada ano poderá desistirse de maneira expresa da solicitude de acollemento ó sistema de pagamento a prazos, pasando a rexirse polo sistema xeral.
- 9.- A todos os contribuíntes que así o demanden se lles facilitará, de forma personalizada e a nivel indicativo, información acerca dos tributos e demais ingresos de dereito público de devengo periódico e pagamento anual que lle afecten ó importe de cada un dos prazos resultantes.

#### **II.- Efectos da falta de pagamento**

O impago de calquera dos prazos suporá a perda automática do dereito a beneficiarse deste sistema de pagamento, pasando a rexirse polo sistema xeral e, polo tanto, terase que proceder ó pagamento das débedas dentro do período voluntario de ingreso establecido para cada tributo ou ingreso de dereito público, se este non tivera finalizado, ou, en período executivo en caso contrario.”



**DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA**  
**Normas sobre aprazamentos e fraccionamentos.**

**I.-Solicitud e criterios de concesión**

1. A solicitude de aprazamento e fraccionamento de pagamento dirixirase á presidencia do Imfacofe, órgano competente para a concesión e denegación de aprazamentos e fraccionamentos de pagamento.
2. O órgano competente para a tramitación das solicitudes de aprazamentos ou fraccionamentos é o Imfacofe. O servizo de recadación examinará e evaluará a falta de liquidez e a capacidade para xerar recursos [agás cando concorran as condicións fixadas nos apartados a) e b) do punto cinco seguinte] e valorará a suficiencia e idoneidade das garantías, ou no caso de solicitude de dispensa de garantía, verificará a concorrencia das condicións precisas para obtela.  
Realizados os trámites anteriores, pola Tesourería do Organismo formularase proposta de resolución que será remitida á presidencia para a súa resolución.
3. Así mesmo, a Tesourería do Instituto disporá o necesario para que as solicitudes referidas no punto anterior se formulen en documento específico, no que se indiquen os criterios de concesión e denegación de aprazamentos ou fraccionamentos, así como a necesidade de fundamentar as dificultades económico-financeiras, aportando os documentos que se crean convenientes.
4. O acordo de concesión especificará a clase de garantía que o solicitante deberá achegar ou, no seu caso, a dispensa desta obriga.
5. Os criterios xerais de concesión de aprazamentos ou fraccionamentos son:
  - a) As débedas de importe inferior a 750 euros poderán aprazarse ou fraccionarse por un período máximo de nove meses.
  - b) O pagamento das débedas de importe comprendido entre 750 euros e 1.500 euros pode ser aprazado ou fraccionado ata 18 meses.
  - c) O pagamento das débedas de importe comprendido entre 1.501 euros e 3.000 euros pode ser aprazado ou fraccionado ata 24 meses.
  - d) Se o importe excede de 3.000 euros, os prazos concedidos poden extenderse ata 36 meses.
  - e) Só excepcionalmente concederase aprazamento das débedas con importe inferior a 180 euros.

Así mesmo, só en casos moi cualificados e excepcionais, en función da capacidade de pagamento do obrigado e do importe adebedado, poderán concederse aprazamentos e fraccionamentos por un período de ata tres anos. No obstante, non poderán concederse aprazamentos ou fraccionamentos por períodos cuxos prazos de pagamento superen o de prescrición de cada débeda obxecto de aprazamento ou fraccionamento.

6. A concesión do aprazamento ou fraccionamento de pago requerirá que o solicitante domicilie o pagamento da débeda ou das sucesivas fraccións. A tal efecto, na solicitude deberá constar a orde de domiciliación bancaria, indicando o número de conta e os datos identificativos da entidade de crédito que teña que efectuar o cargo en conta.
7. En tanto en canto é tramitada a solicitude de aprazamento ou fraccionamento será necesario que o debedor faga efectivas a fracción ou fraccións nos prazos propostos polo mesmo ou nos que poda indicar provisionalmente a Recadación municipal.
8. A resolución das peticións sobre aprazamentos ou fraccionamentos será notificada ós interesados.  
Contra a resolución das peticións sobre aprazamentos ou fraccionamentos de pago, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o Presidente do Imfacofe, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.

**II.-Cómputo de xuros.**

- 1.- Con carácter xeral, as débedas excluído, no seu caso, o recargo executivo, devengarán xuros de mora polo tempo que dure o aprazamento.
- 2.- Na aplicación do punto anterior, se terán en conta estas regras:

- a) O tempo de aprazamento compútase dende o vencemento do período voluntario e ata o termo do prazo concedido.
  - b) No caso de fraccionamento, computaranse os xuros devengados por cada fracción dende o vencemento do período voluntario ata o vencemento do prazo concedido para cada fracción, debéndose satisfacer xunto coa dita fracción.
- 3.- No caso de que o fraccionamento ou aprazamento sexa superior ó ano e, por tanto, se descoñeza o tipo de xuro aplicable, calcularase éste en base ó tipo vixente e posteriormente regularizarase se se tivera modificado o tipo de xuro aplicable. Se se ten ordenado a domiciliación referida no artigo anterior no apartado 6, o cargo de cada fracción efectuarase polo importe inicialmente calculado, regularizándose no cargo correspondente á última fracción.
- 4.- Se, chegado o vencemento da débeda aprazada ou fraccionada non se realizara o pagamento, a liquidación de xuros practicarase no momento de efectuar o pagamento, tomando como base de cálculo o principal da débeda.  
O tipo de xuro a aplicar será o de mora, vixente ó longo do período.

### **III.- Garantías en aprazamentos e fraccionamentos.**

- 1.- Cando o solicitante sexa unha Administración Pública non será esixida garantía. Nos demais casos, cando o importe da débeda que se solicita aprazar ou fraccionar é superior a 6.000 euros, será necesario constituir garantía, que afiance o cumprimento da obriga.
- 2.- A garantía cubrirá o importe do principal e dos xuros de mora que xere o aprazamento, máis un 25% da suma de ambas partidas.
- 3.- No caso de solicitude de fraccionamento, poderá constituirse unha única garantía para a totalidade das fraccións que podan acordarse ou ben garantías parciais e independentes para unha ou varias fraccións.  
En todo caso, a garantía deberá cubrir o importe das fraccións a que se refira, incluíndo o importe que por principal e xuros de mora se incorpore ás fraccións máis o 25% da suma de ambas partidas.
- 4.- Aceptaranse as seguintes garantías:
  - a) Aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución. O término deste aval ou certificado de seguro de caución deberá exceder en 6 meses, polo menos, ó vencemento dos prazos concedidos e estará debidamente intervido.
  - b) Facturas ou certificacións de obra aprobadas polo Imfacofe ou polo Concello, cuxo pagamento quedará retido en tanto non sexa cancelada a débeda afianzada.
  - c) Calesquera outras que se estimen suficientes.
- 5.- Nos supostos de verdadeira necesidade, distintos dos contemplados no apartado primeiro deste artigo, poderase dispensar de aportar garantía, correspondendo adoptar o acordo ó Presidente do Organismo.
- 6.- Cando fora realizada anotación preventiva de embargo en rexistro público de bens de valor suficiente, a xuízo da tesoureira, considerarase garantida a débeda e non será necesario aportar nova garantía.
- 7.- O obrigado ó pagamento poderá solicitar a adopción de medidas cautelares para constituir a garantía, mediante anotación preventiva do embargo de bens que lle pertenzan.
- 8.- O acordo de concesión especificará a garantía que o solicitante deberá aportar ou, no seu caso, a dispensa desta obriga.
- 9.- A garantía deberá aportarse no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación do acordo de concesión. Transcorrido este prazo sen formalizar a garantía, esixirase inmediatamente pola vía de prema a débeda cos seus xuros e o recargo de prema, sempre que concluíra o período regulamentario de ingreso. Se o aprazamento fose solicitado en período executivo, continuarase co procedemento de prema.
- 10.- Cando sexa presentada unha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario, sen acompañar o compromiso de entidade solvente de afianzar a débeda e se atope pendente de resolución na data de finalización do período de pagamento voluntario, a Tesoureira poderá ordenar a retención cautelar dos pagos que o Organismo ou o Concello deba efectuar ó debedor.

#### **IV.- Efectos da falta de pagamento**

##### **1.- Nos aprazamentos a falta de pagamento ó vencemento das cantidades aprazadas determinará :**

- a) *Se a débeda se atopaba en período voluntario no momento de conceder o aprazamento, esixirase pola vía de prema a débeda aprazada e os xuros devengados, co recargo executivo do 5 por 100. O recargo aplicarase sobre o principal da débeda inicialmente liquidada, con exclusión dos xuros de mora. De non efectuarse o pagamento nos prazos fixados no artigo 62.5 da LXT, procederase a executar a garantía; no caso de inexistencia, ou insuficiencia desta, se seguirá o procedemento de prema para a realización da débeda pendente.*
- b) *Se o aprazamento foi solicitado en período executivo, procederase a executar a garantía, unha vez transcorridos os prazos fixados no artigo 62.5 da LXT, e, no caso de inexistencia ou insuficiencia desta, proseguirase o procedemento de prema.*

##### **2.- Nos fraccionamentos a falta de pagamento dun prazo determinará :**

- a) *Se a débeda se atopaba en período voluntario, a esixibilidade en vía de prema das cantidades vencidas, extremo que será notificado ó suxeito pasivo, concedéndolle os prazos regulamentarios de pagamento das débedas en período executivo, establecidos no artigo 62.5 da LXT.  
Se fose incumprida a obriga de pagar neste término, consideraranse vencidos os restantes prazos, esixíndose tamén en vía de prema.*
- b) *Se a débeda se atopaba en período executivo, continuará o procedemento de prema para a exacción da totalidade da débeda fraccionada pendente de pagamento.*
- c) *Nos fraccionamentos concedidos con garantía ou garantías constituídas sobre o conxunto das fraccións, transcorridos os prazos previstos no artigo 62.5 da LXT sen que o ingreso das cantidades esixidas se tivese efectuado, procederase a executar a garantía.*

##### **3.- Nos fraccionamentos de pagamentos que se constituíran garantías parciais e independentes por cada un dos prazos, procederase do seguinte xeito:**

- a) *Cando o fraccionamento fora solicitado en período voluntario, o incumprimento do pagamento dunha fracción determinará a esixencia pola vía de prema exclusivamente da dita fracción e os seus xuros de mora, co correspondente recargo de prema, procedéndose a executar a respectiva garantía.*
- b) *Cando o fraccionamento fora solicitado en período executivo, executarase a garantía correspondente á fracción impagada máis os xuros de mora devengados.*
- c) *En ambos casos, o resto do fraccionamento subsistirá nos termos en que foi concedido.*

*En todo o no prevenido nas presentes normas, será de aplicación o regulado na Lei Xeral Tributaria, Regulamento Xeral de Recadación e demais normas aplicables*

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia (BOP)*, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2014 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa".